

Corrección de erros da Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de equinodermos ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico equinodermos, modalidade a mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores da Coruña e Barallobre

Detectado un erro na citada Resolución, publicada na páxina web <https://www.mar.xunta.gal> o 27 de marzo de 2025 compre facer a seguinte corrección:

Na páxina 6 onde di:

"No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolada como mergullador/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recurso específico poliquetos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria, deberá presentar unha certificación da capitanía marítima dos enroles da persoa solicitante nos dous anos anteriores á data da convocatoria."

Debe dicir:

"No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolada como mergullador/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recurso específico equinodermos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria, deberá presentar unha certificación da capitanía marítima dos enroles da persoa solicitante nos dous anos anteriores á data da convocatoria."

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

M^a Paz Sánchez Díaz

(asinado dixitalmente)

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Telf.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal

